

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE XULLO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 29 de xullo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica

D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal

D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2.a, 2.b, 4.a e 4.b)

D. Gilberto Moldes (asiste ao punto 2.c)

D. Rubén Pérez Correa

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas de interconexión administrativa coas administracións xeral (8784-113) (Enmenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 22 de xullo de 2019, o 22 de xullo, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. IMATIA INNOVATION, S.L.(DEUC por canto o presentado está incompleto)

O licitador presentou a documentación requirida dentro do prazo concedido. Tras a súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:



- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
- IMATIA INNOVATION, S.L.

b) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8629-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:
1. SEVERIANO MÓVIL,S.A.U.
 2. REPROULET, S.L. (UNAYTA)
 3. XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.

c) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (11.802-46)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. GARCIVENTA,S.L. (lotes 1,2,3 e 4): deberá achegar o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"
 2. SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote 4): deberá achegar o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas de interconexión administrativa coas administracións xeral (8784-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:32	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A543-CBD321-3H348F-XWEKL2-NHG35S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8629-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (11.802-46)

Este punto retírase da orde do día por canto se abriu un prazo de subsanación do sobre A.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

Este punto retírase da orde do día

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (baixas anormais do lote 3)

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12.01 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:32	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A543-CBD321-3H348F-XWEKL2-NHG35S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		